



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 09 DE FEBREIRO DE 2020

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00004988N.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2. OFICINA ORZAMENTARIA. Referencia: 2021/00004876S.

Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2021-CREXT-01 con base ao contido do informe proposta que forman parte do expediente, por un monto global de CINCUENTA E SETE MIL CENTO NOVENTA E OITO EUROS (57.198,00 euros) co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender á adquisición do 31% do capital social da empresa (Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L (Uninova), con NIF B15678733, da cal o Concello é socio, xunto coa Universidade de Santiago de Compostela.

Apróbase o expediente de crédito extraordinario co número 2021-CREXT-01 con base ao contido do informe proposta que forman parte do expediente, por un monto global de **57.198,00 euros** co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender á adquisición do 31% do capital social da empresa (Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L (Uninova), da cal o Concello é socio, xunto coa Universidade de Santiago de Compostela.

Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-01 serán de Aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

Acórdase elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2021-CREXT-01 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procederase á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-01 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.